

---

# CAMIÑO MIÑO RIBEIRO

---

RECOÑECIMENTOS  
OFICIAIS DE  
ORGANISMOS E  
INSTITUCIÓNS

---

ASOCIACIÓN DE CONCELLOS

---



## COMUNICADO DO CENTRO DE ESTUDIOS CHAMOSO LAMAS DA COMARCA DO CARBALLIÑO EN APOIO AO CAMIÑO MIÑOTO- RIBEIRO.

Mediante este comunicado, o Centro de Estudios Chamoso Lamas da Comarca do Carballiño, que dende o ano 1994 ven a desenvolver a súa actividade científica adicada ao estudo e divulgación do Patrimonio Cultural e Natural das comarcas do Carballiño e Ribeiro a través de publicacións tan senlleiras como a revista *Argentarium* ou mediante a realización de congresos e exposicións, manifesta a súa disposición a apoiar o proxecto do Camiño Miñoto- Ribeiro, presentado pola Asociación de Concellos do Camiño Miñoto- Ribeiro mediante o grupo de investigación creado para levar a cabo o estudo e delimitación desta ruta histórica que dende a cidade portuguesa de Braga vai ata Compostela.

Trátase, deste xeito, dun proxecto multidisciplinar orientado a impulsar este Camiño Histórico, xa recoñecido polo Cabildo de Santiago e cun protocolo asinado entre a Asociación de Concellos e as Cámaras Municipais portuguesas, que logo dun estudo amplo e fundamentado historicamente ao longo de vinte anos, pase a ser recoñecido, primeiro como Camiño Histórico e posteriormente, como Xacobeo, por parte da Xunta de Galicia tal e como se recolle na actual Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

O Centro de Estudios Chamoso Lamas da Comarca do Carballiño, a través das súas seccións de Prehistoria e Historia, contribúe dun xeito activo na elaboración do estudo histórico e de delimitación do seu trazado xunto coa difusión de todo o Patrimonio Cultural e Natural tanto das comarcas do Carballiño e Ribeiro como deste camiño que dende o rigor histórico pretende sentar as bases dun futuro vieiro Xacobeo.

Asdo. Xosé L. Sobrado Pérez

Presidente do C. E. Chamoso Lamas.

O grupo de investigación MPI da Universidade de Vigo naceu no curso académico 1997-1998. É un grupo que traballa nos campos da saúde pública e a epidemioloxía, e ambos ámbitos ocupan unha zona de intersección entre as ciencias biomédicas e as ciencias sociais, e integran os métodos, principios e aplicacións destas ciencias para estudar a saúde e a enfermidade na poboación, e a súa evolución no tempo. É por isto polo que o grupo MPI conta con persoas profesionais e investigadoras, tanto do grupo, coma colaboradoras externas, dos campos da saúde, medio ambiente, literatura medieval, historia, prehistoria e arqueoloxía.

Persoas investigadoras deste grupo entraron en contacto coas asociacións e concellos que levaban a cabo tarefas sobor do Camiño Miñoto Ribeiro no curso académico 2008-2009, e, dende entón, o grupo MPI traballa con outras persoas profesionais e coa Asociación Camiño Miñoto Ribeiro (asociación dos concellos galegos deste Camiño, que foi legalizada tras varios anos de traballo conxunto de diversos concellos) nas actividades necesarias para que o Camiño Miñoto Ribeiro sexa declarado Ruta Cultural e, despois, Camiño Xacobeo. O primeiro documento contemporáneo que coñecemos sobre esta ruta é do ano 1993, do cóengo arquivado de Ourense: “González García MA. Ribadavia jacobea y hospitalaria. *XI ruta cicloturista del Románico internacional*. 1993; 11: 129-130.”, e partimos deses datos.

A primeira aparición pública do grupo MPI apoiando este Camiño foi no IV Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego: “Os Camiños de Santiago: miradas e experiencias”, que se celebrou do 25 de febreiro ao 1 de marzo de 2010, en Ourense, co relatorio “Unha mirada dende a Saúde Pública cara ó Camiño Xacobeo Minhoto-Ribeiro”. Dende entón, leváronse a cabo proxectos de investigación, intercambios culturais e educativos, e actividades divulgativas e artísticas. Nos anos do bienio académico 2019-2020 e 2020-2021, o grupo MPI incluíu o Camiño Miñoto Ribeiro no proxecto Ciencia en Galego, da Universidade de Vigo, que tivo como resultado a publicación dunha guía didáctica: “A saúde e os seus coidados no Camiño Miñoto Ribeiro” (contén unha visión das definicións e conceptos da saúde e a enfermidade ao longo da historia, das enfermidades na Idade Media e na Galicia Medieval, e dos coidados das persoas enfermas e onde se levaban a cabo, e un achegamento aos hospitais e lugares de coidados da saúde medievais que existiron no Camiño Miñoto Ribeiro). No curso 2020-2021 o grupo MPI incluíu o Camiño Miñoto Ribeiro no proxecto europeo rurALLURE, para a promoción do patrimonio rural existente nas inmediacións das rutas de peregrinación europeas, que coordina a nivel europeo a Universidade de Vigo, e asinou un convenio (mediado pola Universidade de Vigo e o grupo MPI) entre a Asociación Camiño Miñoto Ribeiro e o rurALLURE, mediante o cal o Camiño Miñoto Ribeiro converteuse en Socio Asociado (*Associated Partner*) do proxecto europeo rurALLURE.

<https://mpsp.webs.uvigo.es/rurallure-mp1-cmr.htm>

<https://rurallure.eu/camino-minoto-ribeiro-association-joins-rurallure-2/>

Tanto o grupo de investigación MPI, como a Universidade de Vigo, como o rurALLURE, apoian o Camiño Miñoto Ribeiro como Ruta Cultural e Camiño Xacobeo.

A coordinadora do grupo de investigación MPI da Universidade de Vigo

Lourdes Maceiras García

Escuela de Fisioterapia  
Universidade de Vigo  
Lourdes Maceiras García



JESÚS MANUEL GARCÍA DÍAZ  
DIRECTOR

Torres do Pino, s/n, 32001-Ourense  
director@ourense.uned.es  
Tf: 988 371444  
www.unedourense.es

## COMUNICADO DE UNED OURENSE EN APOIO AO CAMIÑO MIÑOTO- RIBEIRO

Mediante este comunicado, UNED Ourense, que dende 1992 ven a desenvolver a súa actividade dende o rigor académico e intelectual como sinais de identidade propias dentro do ensino universitario, manifesta a súa disposición a apoiar o proxecto do Camiño Miñoto-Ribeiro, presentado pola Asociación de Concellos do Camiño Miñoto-Ribeiro mediante o grupo de investigación creado para levar a cabo o estudo e delimitación desta ruta histórica que dende a cidade portuguesa de Braga vai ata Compostela.

Trátase, deste xeito, dun proxecto multidisciplinar orientado a impulsar este Camiño Histórico, xa recoñecido polos Cabildos de Santiago e Braga e cun protocolo asinado entre a Asociación de Concellos e as Cámaras Municipais portuguesas, que logo dun estudo amplo e fundamentado historicamente ao longo de vinte anos, pase a ser recoñecido, primeiro como Camiño Histórico e posteriormente, como Xacobeo, por parte da Xunta de Galicia tal e como se recolle na actual Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

Como director de UNED Ourense, firmo este documento coa data da sinatura electrónica.



Eu, Martín López Nores, en calidade de Coordinador do proxecto rurAllure do programa Horizonte 2020 da Unión Europea, asino a presente para manifestar apoio ao Camiño Miñoto Ribeiro como ruta cultural e camiño xacobeo.

Asinado en Vigo, a 3 de outubro de 2022

## **EL CAMINO MIÑOTO RIBEEIRO**

### **MANUEL BALTAR – PREIDENTE DEPUTACIÓN DE OURENSE**

No imaxinario colectivo está moi presente dende antigo a metáfora que compara o desenvolvemento da nosa vida co tránsito por un camiño. Os camiños adoitan transitarse para chegar a un destino, aínda que en moitos casos o propio feito de camiñar, de transitar ou avanzar xa pode considerarse en sí mesmo unha meta.

Con este espírito de facer camiño iniciaban no ano 1998 unha fermosa e laboriosa andadura os historiadores Cástor Pérez e José Ramón Estévez, camiñando da man a través da historia que amosaba a existencia dunha ruta de peregrinación a Santiago de Compostela que, partindo de Braga, atravesaba a serra do Xurés, para continuar facendo camiño pola comarca do Ribeiro e achegarse a Compostela a través das terras de Montes e deixando atrás tamén os concellos de Vedra e Boqueixón.

Con profundo rigor histórico e documental, o libro que temos nas nosas mans vai amosando a historia dunha ruta que, ao longo dos séculos, foi acollendo peregrinos e vendo como, en moitos casos, ese carácter de vía de peregrinación foi configurando tamén o contido patrimonial das vilas e lugares polos que transcorre este camiño. Hai sinais inequívocos, tal e como se desprende da obra, que nos amosan que nos atopamos ante unha ruta tradicional de peregrinación a Santiago de Compostela, polo que un traballo coa profundidade histórica e documental coma o que estamos a manexar convértese no complemento perfecto para que os concellos que se asociaron no ano 2014 coa finalidade de conseguir o recoñecemento oficial desta ruta xacobeá, poidan por fin acadar esta meta.

Estamos polo tanto ante un libro que cumprirá unha dobre función xa que, dunha banda, permitiranos transitar e coñecer a historia do camiño Miñoto-Ribeiro e, doutra banda, servirá tamén de base documental para que esta ruta consiga por fin o seu recoñecemento oficial coma camiño xacobeo.

Chegados a este punto só me resta agradecer a Cástor Pérez e José Ramón Estévez o seu traballo, e desexar que quen se adentre na lectura desta obra non se quede só no percorrido que trazan as liñas do texto, se non que agardo que se animen a camiñar polas sendas, vilas e lugares dos que neste libro se fala.

*Manuel Baltar*

Presidente da Deputación de Ourense.

## CAMINHO JACOBEU MINHOTO RIBEIRO

Planear e executar políticas integradas de desenvolvimento territorial sem contemplar a vertente cultural e mesmo sem lhe atribuir uma elevada importância é, hoje, impensável.

Ninguém, sobretudo quem tenha a seu cargo a responsabilidade de implementar políticas públicas e de concretizar projetos de reconhecido interesse coletivo e verdadeiramente impactantes em termos de melhoria da qualidade de vida das comunidades, pode, pois, deixar de acreditar convictamente que a cultura catalisa o progresso social e contribui sobremaneira para o enriquecimento da vida de todos e de cada um dos municípios.

Porque o património constitui uma incontornável fonte de identidade e, consequentemente, se revela estruturante em matéria de reforço das coesões social e territorial, todo o trabalho que tem vindo a ser feito no sentido da preservação e valorização dos Caminhos de Santiago e, neste caso, do Caminho Minhoto Ribeiro, só pode merecer os mais rasgados elogios e o mais vivo e persistente apoio de quem, como os titulares dos órgãos executivos dos municípios portugueses envolvidos neste projeto (Braga, Vila Verde, Ponte da Barca, Arcos de Valdevez, Monção e Melgaço), pugna pelo avanço de efetivas políticas de desenvolvimento cultural.

Esta convergência de sinergias em ordem à divulgação e promoção do Caminho Minhoto Ribeiro, um secular caminho que liga o norte de Portugal a Santiago de Compostela, é mais um passo importante que está a ser dado para a consolidação de um pilar alicerçante da identidade coletiva dos povos do noroeste peninsular e, bem assim, no sentido da aproximação entre duas nações amigas e ligadas por laços culturais indelévels.

Esta obra de Cástor Perez Casal, que resulta de um aturado trabalho de investigação de duas décadas, vem acrescentar um inestimável valor aos esforços que têm que continuar a ser encetados para que este património da humanidade não só não seja minimamente esquecido como possa ainda e sobretudo atrair um número crescente de peregrinos, visitantes e turistas, desempenhando, concomitantemente, um valioso papel no processo de catalisação do turismo e da economia da região. Com efeito, temos este inelutável dever de cultivar os laços com as nossas raízes históricas para melhor podermos perspetivar um futuro de bem-estar para as nossas comunidades.

A boa gestão dos nossos territórios não pode, assim, confinar-se às respetivas fronteiras, reclamando antes uma visão holística e o desenvolvimento de projetos transfronteiriços que acrescentem escala às políticas de proteção e valorização do património cultural, condição fundamental para a afirmação do denominado turismo de fronteira e para o florescimento de um modelo de desenvolvimento sustentável numa região com características singulares que temos o imperioso dever de potenciar.

Município de Braga

*Ricardo Rio*

Município de Vila Verde

*Júlia Fernandes*

Município de Ponte da Barca

*Augusto Marinho*

Município de Arcos de Valdevez

*João Esteves*

Município de Monção

*António Barbosa*

Município de Melgaço

*Manoel Batista*



## DE «TURIGRINOS» A VERDADEIROS PEREGRINOS

O *Auditorio Vita*, em Braga, bem ao Norte de Portugal, encheu-se para escutar Cástor Pérez Casal, historiador, autor do presente livro e grande estudioso do caminho que na conferência era apresentado: o caminho Minhoto Ribeiro.

Marcaram presença no evento os alcaides das localidades espanholas que o traçado beija; também os presidentes de Câmara (ou seus representantes) das edificações que os peregrinos, em território português, atravessam. Dignou-se marcar presença D. Julián Barrio, Arcebispo de Santiago de Compostela; e D. Jorge Ferreira da Costa Ortiga, Arcebispo de Braga. A todos eles se juntaram membros de associações de peregrinos, párocos, gentes ligadas ao Turismo, habituais peregrinos, alguns curiosos...

A apresentação do caminho fez emergir a expansão do culto a Santiago pelas paragens lusas. Muitas paróquias escolhem o Apóstolo para seu orago; também a ele se dedicam várias capelas. E abundam as esculturas que o representam, inconfundíveis pela presença de alguns apontamentos iconográficos, com destaque para a vieira.

Mas da colorida noite que nos congregou em 17 de setembro de 2021, emergiram três dados robustos, a considerar, a defender, a potenciar.

Primeiro, importa que o caminho, ou os caminhos que se apontam para Santiago sejam cimentados numa investigação séria, que o que se diz corresponda ao que efetivamente os peregrinos fazem, que não se inventem percursos a reboque de interesses menores, que haja seriedade quando se lapisam itinerários. Isso mesmo procurou Cástor, ancorando a sua exposição em investigação sólida, em pesquisa aturada, estendida no tempo por mais de duas décadas de arquivos e bibliotecas.

Segundo, e qual corolário da exigência anterior, que esses caminhos sejam certificados pela autoridade competente, a saber, pela Deão do Cabido Metropolitano da Catedral de Santiago de Compostela, através da Oficina de Acolhimento ao Peregrino. A «Compostela» diz da reconhecida verdade do que se propõe.

Por último, muito importante, reforçada saiu a ideia de que o caminho de Santiago, em concreto este Minhoto Ribeiro, deve também ser um caminho de espiritualidade, de encontro de cada um consigo próprio e com o transcendente. Não se pretende apenas aumentar ao turismo. Não se deseja o aumento dos «turiperegrinos», mas sim o aumento de gente que se abre a Deus, que sendo turista aceita

## CAMIÑO MIÑOTO RIBEIRO PORTUGUÉS

tornar-se verdadeiro peregrino, num momento ímpar de reordenamento de vida, numa mistura feliz de elementos diversos: natureza, reencontro pessoal, encontro com os companheiros de viagem, olhar projetado para «as alturas».

Para que essa dimensão espiritual melhor se possa incrementar, no *Auditorio Vita* surgiu o desejo de, na Catedral de Braga, se dedicar um espaço – uma Capela – para acolhimento e para «lançamento» dos peregrinos, proporcionando subsídios, não apenas logísticos, também de verdadeiro alimento para a alma. O desejo aí está. Veremos o que o futuro dita.

Por agora fica a certeza de um caminho possível, solidamente confirmado pelas fontes documentais, a merecer ser percorrido e a merecer, para quem tão sábia e persistentemente o tem estudado, uma palavra do maior encómio e louvor.

Obrigado, Cástor. E muita força para o caminho, de Santiago... ou da vida!

*Cón. José Paulo Leite de Abreu*  
*Deão da Catedral de Braga*



CABILDO METROPOLITANO  
CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Deán

Platerías, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel. 981 590 548  
dean@catedraldesantiago.es

O que suscribe, Delegado de Peregrinacións do Cabildo da S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela, pola presente

FAI CONSTAR:

Que a Asociación de Municipios Camiño Miñoto-Ribeiro, presentou nesta Delegación a documentación histórica e actual sobre "O Camiño Miñoto-Ribeiro e os municipios de Melgaço, Monçao, Arcos do Valdevez, Ponte da Barca, Vila Verde e Braga", ó cal, cumprindo as condicións de outros camiños de peregrinación, se lle concede a Compostela, tal como se ven facendo.

Para que conste, firmo e selo a presente en Santiago de Compostela, a 29 de decembro de 2020.

+Jorge Ortiga, A. D.

+Julián Barrio, Sr. Santiago

Segundo L. Pérez López

Delegado de Peregrinacións



Con data 29 de decembro de 2020, o dean da catedral de Santiago e delegado de peregrinacións do cabildo da S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela: Segundo L. emite Compostelana que certifica o Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro como camiño oficial de peregrinacións da igrexa.

O 17 de setembro de 2021, reunidos en Braga os arcebispos de Braga: D. Jorge Ortiga e o de Santiago de Compostela D. Julián Barrio, refrendan coa súa rúbrica a compostelana do Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro.

CAMIÑO  
MIÑOTO  
RIBEIRO

